

**Normativa de dispensa de asistencia, control de asistencia ás actividades presenciais e procedemento de xustificación.
(X.O. 20/04/2015)**

Tendo en conta os Estatutos da USC e o acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010 sobre a normativa de asistencia, procede completar ou regular por parte do centro aspectos que competen ao mesmo:

- **Respecto da dispensa de asistencia.** Con carácter singular para casos específicos, poderase conceder a dispensa de asistencia a clase por motivos laborais ou circunstancias excepcionais sobrevidas. As solicitudes¹ serán dirixidas, valoradas e resoltas pola Comisión de Título, que poderá conceder a dispensa de asistencia para a materia completa ou só para as horas de docencia expositiva. Nestes casos, se fose necesario, o profesorado responsable da materia, poderá considerar un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral, que figurará explicitamente no programa.

O alumnado que por estar matriculado de materias de distintos cursos do Grao se atope cunha situación de incompatibilidade horaria que lle impida acudir a todas as actividades académicas programadas como obrigatorias, poderá solicitar a dispensa de asistencia da materia do curso máis baixo das coincidentes. En caso de que lle fora concedida a dispensa, seguirase o criterio establecido no programa da materia.

- **Respecto ao sistema para o seguimento e control da asistencia ás actividades presenciais.**

Para aquelas actividades presenciais programadas dentro da planificación académica², o centro proporcionará ao profesorado un documento que recolla os datos de identificación (materia, docentes, grupo) así coma un listado do alumnado correspondente cun espazo para a súa sinatura. Este documento poderá facilitarse ao docente unha vez establecida a composición dos grupos.

Tal e como recolle a normativa da USC, os resultados dos controis de asistencia deberán conservarse ata final de curso. Unha vez rematado este, deberán achegarse á Secretaría do centro para o seu arquivo e custodia durante dous cursos académicos.

O control de asistencia as prácticas ou actividades que se realicen fóra do centro, realizarase polo mesmo sistema.

- **Respecto ao procedemento de xustificación das faltas de asistencia.**

Dentro do proceso de implementación de medidas de protección de datos de carácter persoal, para o presente curso académico, a xustificación de faltas de asistencia ás clases por parte do alumnado realizarase perante o docente. Esta xustificación farase mediante escrito³, no prazo de 10 días seguintes dende que rematou a causa que lle impediu asistir.

¹ Impresos de solicitude dispoñibles na Secretaría do Decanato da Facultade de Óptica e Optometría e na páxina web.

² Enténdese por actividades susceptibles de control de asistencia aquelas a realizar nas sesións de aula e que teñan algún tipo de ponderación na cualificación final da materia

³ Impresos de solicitude dispoñibles na Secretaría do Decanato da Facultade de Óptica e Optometría e na páxina web.

Segundo a normativa de asistencia a clase vixente na USC considéranse causas xustificadas as seguintes:

- A realización de exames oficiais ou probas selectivas na Administración, xustificada mediante a acreditación do órgano avaliador.
- A presenza en órganos colexiados universitarios cando sexa representante dun colectivo, acreditado mediante a correspondente convocatoria.
- O ingreso en centros hospitalarios ou as consultas médicas programadas, acreditado polo xustificante do centro médico.
- A enfermidade que impida a presenza física no centro, debidamente acreditada.
- A folga ou o paro académico colectivo.
- A enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata o 2º grao, debidamente acreditada.
- Cumprimento dun deber público debidamente xustificado.
- Calquera outra causa de forza maior, a xuízo do Decanato, nos graos, ou da Coordinación do máster, nos másteres